

## ‘Disco Comarcal’, o álbum que celebra os 15 anos de Familia Caamagno sobre os escenarios, xa está dispoñible

Estilos como o power pop, o rock, melodías con reminiscencias disco ou mesmo R&B danse cita no terceiro LP do quinteto, que consolida o seu papel referencial na escena galega

O álbum darase a coñecer ao vivo o 6 de febreiro na Sala Capitol, noite na que a banda de Sigüeiro se acompañará d’A Orquestra do Quince, unha formación de instrumentistas de vento e teclados, para presentar os novos temas, arranxados especialmente para a ocasión

**Sigüeiro, 23 de xaneiro de 2026.-** Familia Caamagno publica hoxe o seu terceiro LP, ‘Disco Comarcal’, un traballo discográfico que consolida o papel referente da banda na escena pop e rock do país. O álbum, producido por Raúl Pérez (do recoñecido estudio granadino La Mina), e que xa se pode escoitar nas principais plataformas dixitais, demostra a **solidez compositiva e a versatilidade estilística** da formación cando cumpre 15 anos sobre os escenarios.

‘Disco Comarcal’ é un álbum ateigado de **rock e power pop** no que se suceden as melodías luminosas e as guitarras afiadas; ademais da profundidade emocional e as **letras retranqueiras e incisivas** que os Caamagno acostuman a presentar. Así, sen perder un ápice do seu carácter irreverente e crítico, non dubidan en destacar o papel fundamental que xogaron as discotecas rurais como elemento de cohesión social nos anos 80 e 90 -e que hoxe en día están abandonadas-, de alertar das derivas do arraigamento do turbocapitalismo na sociedade -que non deixa espazo para o amor- ou mesmo vertebran reflexións sobre as rupturas sentimentais a través dun relato fantástico.

A través dos oito temas que conforman este ‘Disco comarcal’, Familia Caamagno reivindica o seu espazo como **formación de referencia no panorama musical galego**. Alén da súa recoñecida capacidade para sacralizar o baile e a diversión, e que transforma cada directo nunha intensa comunión co público, os de Sigüeiro confirman con este ‘Disco Comarcal’ a súa volubilidade para achegarse a estilos como o R&B ou mesmo a música disco.

Neste LP -cuxa imaxe asina deseñador gráfico Álvaro Fernández, [@unbuentipo](#)- Familia Caamagno comeza o seu periplo rendendo homenaxe ás salas de festas comarcais galegas que viviron os seus tempos dourados na segunda metade do século XX. Desde estes espazos, protagonistas de ‘Disco comarcal’, o quinteto sèrvese da diversidade estilística para percorrer, ao longo de oito temas, numerosas referencias do imaxinario común, mais abordadas sempre desde unha óptica particular, rentranqueira, reflexiva e fondamente emocional.

Deste xeito, do luminoso e catártico [De paseo en Portugal](#), Familia Caamagno achégase as problemáticas dos tempos actuais e da crúa realidade económica e social en temas como ‘[Bomba de calor](#)’ ou ‘[Milagre económico](#)’; e mesmo pon o foco e móstrase crítica con determinados perfís sociais en ‘Xa sei quen dis’ ou ‘Segnor do pasado’. Mais a banda non esquece o seu mandato outorgado polos seus poderosos e festivos directos para recoller tamén as tradicións e verbenas populares -os vermús e os bailes no Campo da Festa que se prolongan desde o mediodía até o fin da xornada- a través de ‘O día da Festa’.

Por último, ‘Disco Comarcal’ tamén abre unha ventá á nostalxia a través de ‘Antigos astronautas’, unha peza cunha melodía vibrante e melancólica nun primeiro momento, que se transforma nun retrouso luminoso. Baixo a forma dunha narrativa fantástica agroma un subtexto emocional: a tristura producida polo fin dunha relación.

### **Presentación ao vivo**

A Sala Capitol de Santiago de Compostela acollerá o venres 6 de febreiro a estrea deste ‘Disco Comarcal’. Será unha noite moi especial na que Familia Caamagno presentará ao público os novos temas cun directo novidoso e diferente: estarán arranxados para a ocasión, na que **os de Sigüeiro contarán co apoio d’A Orquestra do Quince**, unha formación de instrumentos de **vento e teclados, para facer bailar sen parar ás e aos asistentes**.

A festa de presentación de ‘Disco Comarcal’ -cuxas entradas están á venda a través de [www.salacapitol.com](http://www.salacapitol.com)- comezará a partir das 21:30h coa actuación da banda convidadal **Ulex**, chamada a ocupar un papel relevante na escena do país nos vindeiros anos. Logo da estrea dos Caamagno, a celebración pecharase cunha sesión de baile na Sala Riquela da man das picadiscos **Pídechas o corpo**.

## TRACKLIST DE 'DISCO COMARCAL' , DE FAMILIA CAAMAGNO

1. Disco comarcal
2. De paseo en Portugal
3. Bomba de calor
4. Antigos astronautas
5. O día da festa
6. Xa sei quen dis
7. Segnor do pasado
8. Milagre económico

### Escoita 'Disco Comarcal' nas plataformas

[https://orcd.co/disco\\_comarcal\\_lp](https://orcd.co/disco_comarcal_lp)

### Videoclips de Familia Caamagno ('Disco comarcal', 'Bomba de calor', etc).

<https://www.youtube.com/@familiacaamagno>

### Kit de prensa de Familia Caamagno

[https://cutt.ly/presskit\\_FamiliaCaamagno](https://cutt.ly/presskit_FamiliaCaamagno)

### Contacto de prensa

Lucía Pita | 675 404 321

[lucia@tremendoaudiovisual.com](mailto:lucia@tremendoaudiovisual.com)